

VOCABULARIO URBANIZACIÓN

LOCALIZACIÓN ou EMPRAZAMENTO URBANO: espacio concreto e material no que se asenta unha cidade ou núcleo de poboación. A topografía e o soporte físico son factores que van condicionar todo o desenvolvemento espacial da cidade ó longo da súa historia. Por exemplo, CAIÓN está emprazada parcialmente nun entrante da terra no mar; o casco vello de TUI está emprazado nun outeiro ribeirán e nun paso fronteirizo, ambos aspectos déronlle un carácter estratéxico – defensivo.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA: disposición xeográfica dunha cousa en relación ó lugar que ocupe, principalmente unha casa, un lugar, unha cidade,...// Localización dun punto na superficie terrestre segundo a latitude, lonxitude e altitude.

HÁBITAT: modo de distribución dos asentamentos humanos xunto coas súas relacións propias. Podemos distinguir dous tipos fundamentais: *urbano e rural*. Dentro do *rural* existen: disperso, cando a casa, xunto coas súas dependencias, está illada dentro do territorio; e concentrado, cando as casas se presentan dentro dunha estrutura que revela a súa unión física dentro do territorio.

HÁBITAT CONCENTRADO: hábitat onde as casas e as súas dependencias están próximas unhas a outras formando un conxunto ben definido no espacio. Pode distinguirse o hábitat concentrado en orde pechada, se obedece ó esquema anteriormente definido, e en orde aberta, se existen pequenas hortas entre os anexos e as casas ou entre as casas. O hábitat concentrado, sobre todo en orde pechada, está presente nas serras orientais e surorientais de Galicia.

HÁBITAT DISPERSO: hábitat onde as casas e os seus anexos están separados por terras de cultivo, montes ou pastos. Contraponse ó hábitat concentrado propio das áreas urbanas.

HÁBITAT RURAL: conxunto de vivendas familiares e anexos existentes no medio rural. Por extensión, formas de vida que se desenvolven neste ambiente principalmente relacionadas con tarefas agropecuarias. As diferentes formas poden clasificarse atendendo á morfoloxía do hábitat, dispersión ou concentración, hábitat permanente ou temporal.

HÁBITAT URBANO: distribución da poboación en núcleos de máis de 10.000 habitantes. En 1996 vivían en cidades de máis de 10.000 habitantes un 78,7% da poboación española, o que demostra o alto índice de urbanización acadado o que ocasiona unha serie de problemas de difícil solución.

URBANIZACIÓN: termo que relaciona o nº de habitantes que viven nunha cidade co total da poboación dun territorio. O grao de urbanización cada día é maior gracias ó crecemento natural e sobre todo á chegada de inmigrantes dende o campo á cidade. A urbanización constitúe hoxe en día un proceso predominante na organización espacial actual da poboación mundial. En España e Galicia é a partir dos anos 60 cando se experimenta un forte crecemento urbano, que transforma dunha forma radical amplos sectores do noso país (dáse un aumento do espacio adicado á vivenda, ós servizos e á industria). As dúas cidades maiores de Galicia, Vigo e A Coruña, que no ano 1960 tiñan 144.914 e 177.502 habitantes respectivamente, pasan a ter once anos máis tarde 261.131 e 231.721 habitantes respectivamente.

ÁREA PERIURBANA: espacio con predominio de caracteres rurais situado no extrarradio ou inmediacións dunha cidade e da súa “banlieu” (arrabaldos, aforas).

FUNCIÓN URBANA: cada un dos exercicios propios levados a cabo pola poboación residente nunha cidade. Teñen, na súa maioría, unha proxección exterior, que xustifica a súa existencia e desenvolvemento, e pola súa vez aportan os recursos necesarios para a súa subsistencia. Algúns analistas suxiren unha selección de funcións que resultaron clásicas durante moito tempo, e así podemos distinguir: función militar, comercial, terapéutica, de veraneo e turismo, industrial, intelectual, relixiosa, administrativa,... Cando a aglomeración urbana posúe todas as funcións xurde a gran cidade, ou metrópole.

ÁREA DE INFLUENCIA: extensión territorial sobre a que unha cidade exerce influencia, ó ser o subministrador de certos bens e servizos. Unha área concreta pode estar sometida á influencia de máis dunha cidade que forma parte dun entramado urbano xerarquizado no que existe un certo grao de especialización funcional e un maior ou menor nivel no que se refire á oferta en bens e servizos.

REDE URBANA: conxunto xerarquizado de centros urbanos que asegura nunha rexión servizos administrativos, culturais e comerciais, dominado por unha metrópole rexional. Este espacio ten áreas de influencia encaixadas xerarquicamente. A rede urbana española ten o seu centro en Madrid, pola súa posición xeográfica e por ser a capital do Estado, cun gran poder

político, financeiro e industrial a pesares da descentralización que supuxo o Estado das Autonomías.

XERARQUÍA URBANA: fálase de xerarquía urbana cando as cidades dunha rexión ou dun país están organizadas segundo o seu tamaño, e funcións, e relaciónanse no espacio formando unha rede urbana xerarquizada na que se sitúa á cabeza a cidade de maior categoría.

METRÓPOLE: son as cidades que se atopan no cumio da xerarquía do sistema urbano. A súa poboación supera os 200.000 habitantes, e desempeñan funcións máis especializadas e diversificadas que as restantes cidades, relacionadas co sector terciario de maior nivel e coa industria (cada vez en maior medida de alta tecnoloxía). A súa área de influencia é ampla. Dentro das metrópolis existe unha xerarquía en función do seu tamaño, das súas funcións e da amplitude da súa área de influencia.

- as metrópolis nacionais son Madrid e Barcelona. A súa poboación supera os 3.000.000 de habitantes, e contan coas funcións máis diversificadas (servicios moi especializados - de xestión, innovación, cultura e esparcemento - e industrias de alta tecnoloxía). A súa área de influencia exténdese por todo o territorio nacional e se atopan tamén moi relacionadas con outras metrópolis mundiais.

- metrópolis rexionais: Valencia, Bilbao, Sevilla e Zaragoza. Teñen unha poboación entre 1.500.000 e 500.000 habitantes, e contan con servizos de alto rango, especialmente administrativos e comerciais. Teñen unha área de influencia rexional e manteñen relacións intensas coas metrópolis nacionais.

- metrópolis subrexionais ou rexionais de segunda orde: Oviedo, Murcia, Alicante, A Coruña... Teñen unha poboación entre 500.000 e 200.000 habitantes, e contan aínda con funcións e algúns servizos altamente especializados (universidade). A súa área de influencia é subrexional, ou rexional no caso de comunidades autónomas uniprovinciais. Manteñen relacións intensas coas correspondentes capitais rexionais ou son capitais de espazos rexionais pouco extensos (Oviedo).

ÁREA METROPOLITANA: gran extensión urbana que rodea a unha cidade importante e comprende, dende o punto de vista administrativo, varios municipios. En España a súa creación comeza no primeiro tercio do s.XX en Madrid, Barcelona e Bilbao, que chegan a integrar e anexionar administrativamente antigos municipios rurais. Nos anos sesenta chegou a metropolización plena das grandes cidades españolas.

CONURBACIÓN: xustaposición espacial de varias cidades ata fundirse nunha única aglomeración urbana. Cada cidade da conurbación mantén a súa independencia. O factor de fusión soe ser un eixo de tráfico (por exemplo Málaga e Marbella). En xeral son núcleos industriais unidos mediante un proceso de urbanización lineal. Xorde de maneira incipiente en Inglaterra a fins do s.XIX. Normalmente as cidades que forman unha conurbación están interrelacionadas por lazos comerciais, económicos, culturais e político - administrativos. En España existen catro grupos de conurbacións: os sistemas de Valencia e Murcia. Andalucía, Galicia e o País Vasco. Hai unha tendencia a interconexionalas entre sí para que disfruten das vantaxas das economías de aglomeración.

Lei sobre o Réxime do Solo e Ordeación Urbana: lei de 1956 que regulaba a planificación urbana dun lugar e que facultaba ó concello a publicar o plan urbanístico municipal concedendo a correspondente licenzia de obra ós constructores, se esta non contraviña o plan. Xurde esta lei para tratar de frear os escandalosos beneficios que se obtiñan pola especulación co solo urbano. Actualmente clasifícase o solo en: urbano, urbanizable non urbanizable e especialmente protexido.

PLAN XERAL DE ORDEACIÓN MUNICIPAL, (PGOM - PXOM): segundo a Lei do solo os plans xerais municipais son instrumentos de ordenación integral do territorio. Entre os seus principais cometidos están:

1. Clasificar o solo entre urbano, urbanizable e non urbanizable.
2. Fixar os espazos libres, os de equipamentos comunitarios, os sistemas xerais de comunicación,...
3. Establecer un programa de desenvolvemento e execución do plan, un período de vixencia, as súas circunstancias de revisión,...
4. Fixar medidas de protección do medio ambiente.

Os plans acompañanse de documentos cartográficos, lexislativos, estudos variados,...

LEI DO SOLO DE 1992: para tentar acabar coa especulación do solo, os concellos teñen o control da creación de solo urbanizable.

VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL, VPO: son aquelas que, aínda que edificadas pola iniciativa privada, reciben unha serie de subvencións e ventaxas fiscais por parte do Estado cara os adquirintes. Xeralmente non soen ser maiores de 90 metros cadrados.

SOLO URBANO: calificación do solo definida polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como calquera terreo que teña acceso rodado, abastecemento e evacuación de augas así como sumidoiros e subministración de enerxía eléctrica, ou que se encontren comprendidos en zonas consolidadas pola edificación polo menos nas súas dúas terceiras partes da superficie. Nos municipios que carecen de Plan Xeral de Ordenación considérase solo urbano os terreos que están dotados da infraestrutura antes citada ou se atopan comprendidos en zonas consolidadas pola edificación polo menos na metade da superficie incluíndose no proxecto de delimitación que terá que ser aprobado pola Comisión Provincial de Urbanismo.

SOLO URBANIZABLE: clasificación do solo que designa os terreos declarados como edificables polo Plan Xeral Municipal. O Plan distingue entre solo urbanizable programado (aquele que debe de urbanizarse segundo o programa do propio plan) e solo urbano non programado (aquele que pode ser urbanizado por medio da aprobación dun Plan de Actuación Urbanística).

SOLO NON URBANIZABLE: superficie declarada como non edificable polo Plan Xeral, suxeita a unha protección especial, e que non pode estar adicada a un uso que transforme o seu valor específico. Están así clasificadas entre outras, as áreas de espaxamento e as zonas verdes.

PLANO URBANO: representación gráfica da paisaxe urbana. O seu estudio vai máis alá da descrición formal da organización do espazo (edificios, prazas, rúas,...) sendo o reflexo dunha determinada evolución histórica, polo que fai referencia ó pasado. O plano conduce ademais ó estudio de todos os problemas relacionados coa cidade. Os factores que modelan o plano poden ser de tipo material (relevo, ríos,...), relixioso, político ou económico. Xeralmente fálase de tres tipos de planos:

- **en desorde:** as rúas son estreitas e se dispoñen dun xeito anárquico, é o característico da cidade vella.

- **radio-concéntrico:** denota un crecemento por etapas, que desborda todas as murallas que tivo a cidade; do seu centro diverxen rúas radiais: este plano reflicte unha historia moi longa.

- **plano regular, ortogonal ou en dameiro:** o trazado das rúas é regular, froito dunha planificación; aínda que actualmente se considera característico das cidades máis modernas, existiu en todas as épocas (por exemplo era a organización típica da cidade romana).

CBD ou Central Business District: é dicir, distrito central de negocios ou centro de negocios do sector terciario dunha cidade. Será a zona de rañaceos ou cidade vertical, ocupada polos despachos adicados fundamentalmente a actividades terciarias (bancos, oficinas) ou apartamentos de luxo. Nas cidades españolas cun centro histórico importante, este terá que convivir en agudo contraste urbanístico co CBD. A poucas mazás de distancia habitarán cidadáns humildes en vivendas degradadas e luxosos apartamentos ocupados por aqueles que queren evitar longos desprazamentos diarios cara residencias na periferia. Grandes almacéns e tendas de luxo terán tamén alí cabida. De todas formas, a nota dominante será o paulatino despoboamento desa zona que sufrirá un radical cese de actividades ó rematar a xornada laboral.

ENSANCHE: sistema de planeamento español ideado para solucionar as carencias de solo urbanizable dalgúns cidades. A súa implantación foi tardía, xa que a pesar da penuria das vivendas, o tipo de vivenda que se podía construír non era asequible á clase traballadora, senón máis ben á burguesía, pero esta non foi o suficientemente numerosa para xustificar un desenvolvemento acelerado. Isto explica, xunto á reticencia por parte das clases altas a ocuparen estes espazos, que o ritmo de execución dos ensanches non concluíse nalgúns casos ata mediados do s.XX. Caracterízase por:

- preocupación polo problema da vivenda.
- atención á calidade de vida.
- a mala circulación.
- plano xeométrico.
- cuarteiróns abertos, amplos e axardinados.

CIDADE XARDÍN: variedade de cidade satélite caracterizada por amosar unha gran cantidade de espazos verdes, todas as edificacións teñen o seu xardín, unha baixa densidade de poboación e unha tipoloxía constructiva pouco desenvolvida en altura. A idea da construción deste tipo de cidade arranxa de Ebenezer Howard e do seu libro "Mañana. Un camino pacífico para una reforma real", publicado en 1898. Quizais a idea que máis repercusión tivo a posteriori

foi a que concibía este tipo de cidade como un freo para o crecemento urbano; deste xeito propuña a creación dunha serie de cidades con esta tipoloxía e situadas concentricamente en torno a unha gran cidade da que dependerían funcionalmente.

CIDADE HISTÓRICA: núcleo urbano de orixe antiga e que conserva no seu seo non só un trazo ou plano da época de esplendor en relación coa súa función (estratéxica, administrativa, relixiosa, económica, cultural,...) senón que conserva ademais certo número de construcións (pazos, concellos, igrexas, catedrais, capelas, hospitais, ...) de importancia artística.

CIDADE DORMITORIO: tipo de cidade satélite (que depende funcionalmente doutra cidade de categoría superior da que está separada fisicamente pero unida a través de vías de transporte que facilitan a comunicación entrámbalas dúas) que posúe unha funcionalidade específica relacionada coa presenza preponderante de áreas de tipo residencial. Son cidades que complementan outra de maior categoría cumprindo unha función desconxestionadora e viven nelas persoas que habitualmente realizan desprazamentos diarios ligados ó seu traballo na cidade principal. A actividade económica que se desenvolve nela é escasa.

ARRABALDO: Barrio situado extramuros dunha poboación // Barrio periférico dunha cidade.// Núcleo de poboación anexo a outro de maior tamaño.

SOLO URBANO: calificación do solo definida polo Plan Xeral Municipal de Ordenación como calquera terreo que teña acceso rodado, abastecemento e evacuación de augas así como sumidoiros e subministración de enerxía eléctrica, ou que se encontren comprendidos en zonas consolidadas pola edificación polo menos nas súas dúas terceiras partes da superficie. Nos municipios que carecen de Plan Xeral de Ordenación considérase solo urbano os terreos que están dotados da infraestrutura antes citada ou se atopan comprendidos en zonas consolidadas pola edificación polo menos na metade da superficie incluíndose no proxecto de delimitación que terá que ser aprobado pola Comisión Provincial de Urbanismo.

SOLO URBANIZABLE: clasificación do solo que designa os terreos declarados como edificables polo Plan Xeral Municipal. O Plan distingue entre solo urbanizable programado (aquele que debe de urbanizarse segundo o programa do propio plan) e solo urbano non programado (aquele que pode ser urbanizado por medio da aprobación dun Plan de Actuación Urbanística).

SOLO NON URBANIZABLE: superficie declarada como non edificable polo Plan Xeral, suxeita a unha protección especial, e que non pode estar adicada a un uso que transforme o seu valor específico. Están así clasificadas entre outras, as áreas de espaxamento e as zonas verdes.

Representación gráfica a escala da paisaxe urbana. O seu estudio vai máis alá da descrición formal da organización do espazo (edificios, prazas, rúas,...) sendo o reflexo dunha determinada evolución histórica, polo que fai referencia ó pasado. O plano conduce ademais ó estudio de todos os problemas relacionados coa cidade. Os factores que modelan o plano poden ser de tipo material (relevo, ríos,...), relixioso, político ou económico. Xeralmente fálase de tres tipos de planos.

Pamplona aséntase nun emprazamento estratéxico de carácter defensivo, sobre unha terraza alta na marxe esquerda do río Arga, ó cal asoma por un talude de gran pendente. A ubicación xunto ó río aporta ademais auga doce á poboación urbana. A cidade sitúase na cunca de Pamplona, nun punto crucial para as comunicacións e o comercio, tanto con Francia (está ó pé do paso máis accesible do Pirineo occidental) como con outras rexións españolas (País Vasco, A Rioxa, Aragón e norte de Castela e León⁹). Ademais, a cidade está rodeada dun importante entorno agrario.

- **O casco antigo** de Pamplona ten **plano irregular**, organizado en tres barrios en torno á Praza do castelo: un barrio de forma pentagonal e outros dous máis ou menos rectangulares. As prazas do Concello e do Mercado son espazos internos do s.XVIII, de escasa entidade, creados na zona de contacto entre os tres burgos. A Praza de S. Francisco é o único caso de remodelación interior a finais do s.XIX. A trama é densa e pechada. O plano do **segundo ensanche** (1920-1950), que expandiu a cidade cara o sur, máis aló da Cidadela, é **ortogonal**, con rúas máis anchas que as do casco antigo, que se cortan perpendicularmente formando unha cuadrícula, con dous grandes avenidas que a atravesan: Carlos II e Baixa Navarra.
- **A Cidadela**, é unha fortaleza con plano en forma de estrela, mandada construír no s.XVI por Felipe II para protexer a cidade polo sur. Actualmente, é un gran parque. En 1571, e por encargo de Felipe II, iniciouse a construción dunha cidadela que substituíse o castelo levantado por Fernando o Católico, que á súa vez substituíra o castelo “vello”. O motivo foi que o emprego da artillería facía vulnerables as cidades – fortaleza, e esixía a creación de bastións e recintos fortificados con entrantes e saíntes. Para iso, elixiuse a figura do pentágono, considerada perfecta no pensamento renacentista. Sobre esta base creouse unha fortificación en forma de estrela de cinco puntas, con cinco baluartes, que foi reformada en séculos posteriores, aínda que mantén parcialmente a súa planta estrelada, da que derribaron os bastións para construír o primeiro ensanche.
- Os **Xardíns da Taconera** forman un espazo de esparcemento deseñado nunha zona que na Idade Media coñeciase como O Areal e ue se situaba forra das murallas. Posiblemente o nome de “taconera” signifique “fóra de portas”, facendo referencia á súa situación máis alá das murallas. Pero dende o s.XVI, coa construción da Cidadela e a ampliación do recinto amurallado, a taconera quedou integrada dentro da praza forte e deu nome a un dos novos baluartes da muralla. No s.XVIII, a Taconera comezou a utilizarse como lugar de esparcemento, e , no s.XIX, deseñáronse os seus xardíns, con amplas avenidas e espazos adicados a personaxes ilustres. Na actualidade, este espazo mantén esta función recreativa e de esparcemento, dada polos seus xardíns, os seus monumentos e a implantación dun mini zoo nos fosos da antiga fortaleza.

